

# MATERIAL DIDÁCTICO

Elaborado por:

**Beatriz Cebrián Ramos**

*Licenciada en Geografía e Historia*



**Vigo, 1809:**

# RECONQUISTA

Serie "**Proezas de Galicia**". 1895  
Román Navarro. Tinta sobre papel. 25 x 18 cm



MUSEO MUNICIPAL DE VIGO  
"QUIÑONES DE LEÓN"

# OBXECTIVOS

---

## **OBXECTIVOS XERAIS.**

- Coñecer a Reconquista de Vigo dentro do marco histórico da Guerra de Independencia en Galicia e en España.
- Coñecer a vila de Vigo na época da Reconquista. Principios do século XIX.
- Educar para a paz.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Coñecer os feitos históricos da Reconquista de Vigo, a estratexia levada a cabo, os principais personaxes e as súas reaccións ante a chegada e toma da cidade por parte dos franceses.
- Coñecer o urbanismo da vila de Vigo a principios do XIX: cómo era a cidade, os seus castelos, as súas rúas e localizar as zonas da cidade nas que a Reconquista tivo lugar. Coñecer cal era a organización política e social da vila. Coñecer a economía viguesa, as súas principais ocupacións, a pesca e a conserva, a agricultura, gandería, roupas, mercados.
- Valorar o diálogo, a tolerancia, o respecto e a unión como métodos de resolución de conflitos.

## **CONTIDO**

- Contexto histórico: Invasión napoleónica en España e Galicia.
- Vigo en 1809. Cómo era a nosa cidade. Planos e mapas.
- Ocupación napoleónica en Vigo. Derrota e expulsión dos franceses.
- Consecuencias inmediatas da Reconquista.
- Grandes protagonistas.
- Vigo case dous séculos despois. Qué lembranzas quedan, nomes de rúas, estatuas, cambios na cidade, etc.

*NOTA: Toda a información teórica poderana atopar ao final do material didáctico, en recursos para o profesor.*

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

---

Consideramos que antes de darlles a información aos rapaces, debemos “pescudar” sobre o que saben ou o que escoitaron, que pregunten na casa para que, unha vez explicado nas aulas, comparen e se decaten do que aprenderon e dos coñecementos adquiridos. Queremos que se sorprendan.

Proposta de actividades a realizar **antes** de que coñezan algo do material teórico:

- Elaboración dunha redacción sobre cómo se imaxinan Vigo a principios do XIX. Os máis pequenos poden facelo debuxando.
- Que escriban o que saiban ou lles soe sobre Napoleón, a Guerra da Independencia, a Reconquista de Vigo. Por suposto, as cuestións complicaranse dependendo da idade e curso escolar.
- Formularáselles preguntas do tipo: Coñecedes algún feito histórico importante acontecido en Vigo ou algún heroe vigués? Como era Vigo hai 200 anos?.

Unha vez realizadas estas actividades, chegará o momento de introducilos no tema.

- Pequena introdución histórica na aula. A introdución adaptarase ao curso e idade.

Proposta de actividades a realizar con **posterioridade** ao seu coñecemento do material teórico.

Todas as actividades realizaranse preferentemente en grupo para reforzar a idea de que a unión fai a forza.

- Organizar unha **obra de teatro** para os seus compañeiros representando os feitos da Reconquista viguesa. Non se precisan moitos materiais, só os diálogos que se poden modificar e cartolinas cos lugares indicados coma a Porta da Gamboa, etc. Se se puidese ter unha coroa, unha bannastrá de pescantina, etc, mellor, pero o importante é que os rapaces gocen mentres fan a representación e aprendan algo da historia da cidade. Incluímos un exemplo nun anexo ao final das actividades. É o **ANEXO1**. Esta actividade adoita ter moito éxito.
- Realizar un cómic ou unha historia en viñetas sobre a Reconquista viguesa. Pode ser individual, en grupos ou nun mural común.
- Realizar un mural da vila de Vigo no século XIX e colocalo na escola para que o observen todos os compañeiros e o comparen coa cidade e o plano actual.
- Facer unha redacción sobre a maneira en que se solucionou a Reconquista viguesa grazas á estratexia e qué farían eles no lugar dos políticos vigueses. A redacción tamén pode xirar en torno ao tema da resolución de conflitos por medio da unión, a tolerancia, o diálogo e o respecto e aplicalo á situación de violencia no mundo actual.
- Preparar unhas diapositivas debuxadas por eles sobre o Vigo do XIX, a Reconquista e expoñelas aos seus compañeiros. Poden poñer diálogos.

- Redactar unha historia con ocos a cubrir sobre o tema da Reconquista. Na aula, os alumnos só terán que completar os datos que faltan e que o mestre suprimira con antelación. Entre estes datos atoparanse nomes de personaxes importantes, vocabulario aprendido, obxectos, datas, e tamén faráselles reflexionar sobre unha vitoria conseguida grazas á unión e sen apenas loita. Para os máis pequenos pódese facer unha especie de crebacabezas sobre os feitos da Reconquista e eles deberán refacelo. No **ANEXO 2** do final engádese un exemplo.
- Xogos de educar para a paz e a cooperación. Debate sobre como conseguir a paz mundial.
- Xogo de repaso de coñecementos adquiridos. **O baúl da Reconquista.** Iremos extraendo dun baúl distintos obxectos e os rapaces relacionaranos co visto e explicado. Podemos meter nun baúl ou nunha caixa obxectos coma unha coroa, unha botella (Pepe Botella), a bandeira francesa, o escudo de Vigo, unha banastra de pescantina, unha saia de muller do XIX, etc. Cada rapaz vai escollendo un obxecto e os demais teñen que dicir se teñen ou non relación co visto e por que.
- O **crebacabezas**. É un xogo de cooperación no que teñen que traballar xuntos para conseguir a meta. Foméntase a unión como a maneira de resolver conflitos. Dividirémolos en grupos pequenos. Teñen que recompoñer frases recortadas palabra por palabra e mesturadas dentro dun sobre. Non poden falar entre eles. Entregámoslles o sobre cos recortes e cada rapaz do grupo ten que formar unha frase con sentido e coherente, pero o labor non estará rematado ata que todos os do grupo teñan a súa, así que teñen que colaborar e axudarse inda que non poidan falar. As frases que nós escollemos foron 6, polo tanto os grupos deben ser de 6 persoas e haberá igual número de sobres coas frases recortadas que número de grupos. As frases pódense cambiar, aumentar, etc.

Frases: *Napoleón quería conquistar toda España.  
Vigo era unha vila pesqueira.  
Cachamuiña foi un heroe vigués.  
Vigo é nomeada cidade leal.  
A unión dos vigueses trunfou.  
O 28 de marzo Vigo é reconquistada*

- Inventar unha canción como se fôsemos vigueses na época da Reconquista e temos que inventar unha canción reivindicativa e pegadiza. Cantala. Por grupos.
- Debuxar Vigo no século XIX. Para os máis peques.
- Ler un documento da época e analízalo. Facer un breve comentario de texto. Para maiores.
- Con pequenas figuras organizarán por grupos un teatro de monicreques representativo da Reconquista viguesa.
- Escribir unha carta explicando cómo resolverían eles o problema da guerra no mundo. Que valores e recursos usarían. Estas cartas son interesantes para abrir un debate.
- Debate e xogo de rol. Buscaremos un tema como o da guerra e a paz e falaremos e discutiremos sobre el. Cada un terá un papel e estará nun bando distinto, pódense poñer carteis cos seus nomes. En determinado momento, o moderador cámbialles o rol e dálles o papel contrario de xeito que se poñan nas dúas posturas.

- Cun plano de Vigo actual e tendo nun anexo o plano de Vigo do XIX, que marquen no plano actual por onde irían as antigas murallas e portas. **Anexo 3.** Diferenzas que atopan entre o Vigo do XIX e o de hoxe.
- Marcar nun plano actual de Vigo o nome de rúas, prazas, etc que lembren os feitos da Reconquista.
- Resolve a seguinte sopa de letras. Cántos nomes relacionas coa Reconquista? Esta sopa de letras pódese cambiar, aumentar, etc.

L	I	V	E	L	Y	A	T	C
K	I	H	E	J	U	O	L	A
D	R	A	G	O	N	B	U	C
I	V	P	S	E	D	M	O	H
E	B	C	Q	K	I	A	S	A
P	Z	X	U	I	F	G	Y	M
E	E	W	J	R	I	D	N	U
P	L	I	K	O	A	I	M	I
B	E	R	B	E	S	W	U	Ñ
P	S	A	B	L	E	I	K	A

- Verdade ou mentira: é un xogo moi doado no que un voluntario le frases de feitos acontecidos durante a Reconquista. Os participantes sitúanse en fila mirando todos cara ao lector. Se o que di o lector é verdade dan un salto cara adiante, se é mentira dan un salto cara atrás. Os que se trabucan quedan eliminados ata que haxa un gañador. Pódese repetir as veces que se queira sen repetir as frases. No **ANEXO 4** incluimos un exemplo.
- Unamos as nosas forzas, tiremos a porta abaixo. Esta é unha actividade simbólica de unión e colaboración do pobo nos momentos difíciles. Temos unha porta ou mural preparado para que todos os rapaces pinten as mans e empurren, deixen nela a súa pegada coma se fose a porta da Gamboa. É unha simboloxía de unión e de paz. Pódese facer cun mural e todos pintan as mans e deixan as súas pegadas pola paz.

# ANEXOS

## ANEXO 1: Obra de teatro

Estes diálogos son unha mostra; pódense ampliar ou resumir segundo a idade dos rapaces. Dependendo do número de rapaces, engadíranse personaxes como franceses, vigueses. Se non chegan, os franceses serán sempre os mesmos nas distintas escenas e os vigueses tamén.

O narrador ten todo o texto, os demais divídense as escenas.

### 1º ESCEA

**Narrador:** Napoleón e Carlos IV reúnen en Francia, en Fontainebleau e deciden que as tropas francesas atravesarán España coa escusa de invadir Portugal, que era aliada de Inglaterra e inimiga de Francia e España. O rei Carlos IV e a súa man dereita, Godoy, permíteno e asinan.

- **Napoleón:** Meu estimado rei Carlos IV, temos que facer algo contra a nosa inimiga Inglaterra. Coido que o mellor é que ataquemos e invadamos Portugal, que é a súa aliada, pero para iso teño que atravesar España coas miñas tropas.
- **Carlos IV:** Estou de acordo, hai que acabar cos ingleses e portugueses, pero non pensarás invadir o meu país, ¿non si?
- **Napoleón:** Non home non, eu só quero invadir Portugal.
- **Carlos IV:** Moi ben, trato feito. Asino o tratado.

**Narrador:** Carlos IV vaise.

- **Napoleón:** Meus xenerais (Murat, Soult, etc) preparádevos, que imos invadir tamén España coa escusa de invadir Portugal.

### 2º ESCEA

**Narrador:** As tropas francesas entran en España e Madrid, a poboación revélase e quere que abdique o rei e marchen os franceses. Piden que Fernando VII, o príncipe, sexa nomeado rei. A familia real española é levada a Baiona (Francia) por Napoleón, e alí obrígaos a abdicar no seu favor. Napoleón entrégalle a coroa de España ao seu irmán, Xosé I, máis coñecido por Pepe Botella ou o rei de copas...

- **Napoleón:** Meu querido rei Carlos IV, tes que abdicar porque non podes volver ao teu país.
- **Carlos IV:** O pobo español quere ao meu fillo como rei.
- **Fernando VII:** Eu quero ser rei de España e sereino.
- **Napoleón (Enfadado):** Basta xa, agora mesmo sodes os meus prisioneiros e ides abdicar en min.
- **Carlos IV:** Está ben, douche a coroa de España. (Dálla).
- **Napoleón:** Meu querido irmán, Xosé, pasas a ser o novo rei de España co nome de Xosé I. (Ponlle a coroa). Xenerais do exército francés, ocupade toda España.

### 3º ESCEA

**Narrador:** En España toda a poboación rebélase, Madrid érguese contra os franceses o dous de maio e o resto das vilas e comunidades rebélanse pouco a pouco. En Galicia fórmase a Xunta do Reino de Galicia, que xura fidelidade a Fernando VII e recruta xente para a loita contra os franceses. Pero ¿que pasa en Vigo mentres tanto?

- **1º Pescantina ou pescador do Berbés:** Escoitaches o que din?
- **2º Pescador ou pescantina:** De que falas? Do cambio de alcalde?
- **1º:** Non home, da chegada dos franceses. Disque veñen para aquí, hai que estar preparados para a loita.
- **2º:** Que veñan, ho, que veñan, que imos facer rizos cos seus canóns...

**Narrador:** O novo alcalde Vázquez Varela e o gobernador Villavicencio están preocupados. Os franceses son moitos e ben armados, e en Vigo apenas quedan 200 soldados da Milicia Honrada e moi poucas armas.

- **Vázquez Varela:** Que facemos? Se nos enfrontamos cos franceses isto será unha masacre, morrerá toda a vila.
- **Villavicencio:** Estou de acordo. Hai que procurar outra solución.
- **Vázquez Varela:** Qué tal se pactamos con eles e lles facemos crer que nos rendemos para logo amolalos?
- **Villavicencio:** Probemos, é mellor iso que un baño de sangue inútil.

**Narrador:** O 31 de xaneiro de 1809, os franceses chegan a Vigo e entran pola porta da Gamboa. Reúnense coas autoridades. É a capitulación honrosa.

- **Vázquez Varela:** Entregámoslles a vila, pero a cambio queremos que dentro das murallas poida seguir vivindo o pobo, e ademais, 50 deles armados para a nosa defensa. Nós dimitiremos dos nosos cargos.
- **Chalot:** Non, prohíbolles que dimitan, van seguir nos seus cargos e colaborando con nós, pero aceptamos as condicións da capitulación.

### 4º ESCEA

**Narrador:** A partir daquel momento, a poboación, homes, mulleres, cregos de dentro das murallas e de fóra, das parroquias limítrofes (Bouzas, Valadares, Castrelos, etc) fanlle a vida imposible aos franceses. Róubanlles as armas, a pólvora, non lles deixan comida, e os franceses non tiñan apoios no exterior.

- **Muller viguesa:** Ola soldado. Qué guapiño me es, ¿por que non mercas un pouco de pan?.
- **Francés 1º:** Está ben, boa moza.
- **Muller viguesa:** (Róuballe a pólvora e vaise).
- **Crego Villageliú disfrazado:** (Atópase cos franceses e róuballes as armas mentres estes andan nunha taberna) (Lévaas fóra da muralla para armar ao pobo).
- **Franceses na taberna xogando ás cartas.** (Dous ou tres). Non se decatan de que lles levan as armas.

## 5º ESCEA

**Narrador:** Xa o pobo está canso dos franceses. Estes non poden saír das murallas porque están cercados por 4000 homes e mulleres e apenas teñen que comer. Dende dentro tamén o pobo está contra eles. Fóra xúntanse importantes xefes militares e guerrilleiros como Cachamuíña e Morillo. O xeneral francés Chalot decide pactar a rendición e a marcha dos franceses nos barcos ingleses que había na ría, o Libelly e o Venus. Chalot réunese con Colombo, o representante militar da milicia, e co comandante do Libelly.

- **Colombo:** Falo no nome das milicias e guerrilleiros vigueses que teñen cercada a vila. Ou marchades e subides ás fragatas inglesas, ou atacaremos.
- **Chalot:** Estamos dispostos a asinar un acordo de rendición, pero pídovos unhas horas máis.
- **Colombo:** Douvos unhas horas máis, pero avísovos de que non intentedes gañar tempo. Nada de trampas.

## 6º ESCEA

**Narrador:** O pobo de Vigo cánsase de esperar. Os franceses andaban a retrasar a rendición porque agardaban reforzos. A noite do 27 de marzo de 1809 comeza o ataque. As fragatas inglesas bombardean os castelos e a milicia e o pobo sitúanse en distintas portas dispostos a entrar. Na porta da Gamboa acontece o seguinte:

- **Carolo:** Ataquemos! A por eles! (Colle a macheta e ataca a porta. Morre baixo os balazos dos franceses).
- **Cachamuíña:** (Colle a macheta de Carolo e segue a derribar a porta malia que recibe tres balazos). (A porta cae e entra o pobo de Vigo).
- **Pobo de Vigo:** (Varios personaxes entrando e gritando: A por eles!). (Dende dentro tamén se dispara aos franceses).
- **Franceses:** (Foxen ao castelo e refúxianse alí).

## 7º ESCEA

**Narrador:** Os franceses réndense o 28 pola mañá, deixando todo nas murallas, incluído o baúl do seu xefe, o mariscal Soult, e o seu sable. Abandonan a vila rumbo ao Berbés e ás fragatas inglesas.

- **Pobo de Vigo:** (Apupos e insultos aos franceses).
- **Franceses:** (Abandonan amoucados a cidade).
- **Un vigués:** Chegan reforzos franceses! Temos que botalos fóra xa!.
- **Pobo de Vigo:** (Saca as armas e bota fóra os franceses á forza guindándoos á auga).
- **Franceses:** (Foxen correndo e algúns morren ou caen á auga).

## 8º ESCEA

**Narrador:** O pobo de Vigo e as autoridades celebran a Reconquista. Vigo foi a vila na que menos tempo estiveron os franceses, só 58 días. A vila é nomeada Cidade Leal e Valorosa e xura fidelidade ao rei Fernando VII.

- **Pobo de Vigo (3 ou 4). Os mesmos que antes:** Somos libres! Fóra os franceses! Vamos á Colexiata a darlle as grazas ao Cristo da Vitoria!.
- **Pobo de Vigo (3 ou 4):** Bailemos e bebamos! Fóra Napoleón! Viva España, Galicia, Vigo e o rei Fernando VII!. (Festa rachada).



## ANEXO 2: A historia incompleta

Este é un exemplo de historia incompleta que poden cubrir os rapaces mentres repasan os coñecementos adquiridos.

*Despois de que o emperador francés \_\_\_\_\_, pedise permiso ao noso rei, Carlos IV, para atravesar España e atacar \_\_\_\_\_, o noso país é invadido pouco a pouco. O pobo de Madrid é o primeiro en rebelarse o dous de \_\_\_\_\_ de maio de \_\_\_\_\_. Os franceses acaban chegando a Vigo cando \_\_\_\_\_ é alcalde da vila \_\_\_\_\_. En Vigo o pobo dedicábase a \_\_\_\_\_ e os barrios con máis movemento eran o Areal e o \_\_\_\_\_. Como a Xunta do Reino de Galicia convocara aos homes á loita, Vigo estaba desgornecida. O alcalde e o gobernador militar teñen que tomar unha decisión: capitulación ou loita?. Decidíronse pola \_\_\_\_\_. Decatáronse de que debían evitar unha loita desigual e un derramamento de sangue inútil. Como se ían enfrontar \_\_\_\_\_ milicianos vigueses contra os escuadróns franceses?. Usaron a estratexia e o diálogo, enganando aos franceses e tramando o cerco á vila xunto cos de fóra. Fóra vaise xuntando xente disposta a liberar a vila ao mando de militares como \_\_\_\_\_ e de cregos como o cura de \_\_\_\_\_. Os franceses non tiñan apenas víveres, e fóra da muralla xuntáronse uns 4000 homes. Chalot decide capitular pero pide máis tempo. Ao final, o día 27 de marzo á noitiña comeza o asalto. Un vello mariñeiro do Berbés, de nome \_\_\_\_\_, colle unha machada e ataca a porta da \_\_\_\_\_. O día seguinte os franceses réndense e embarcan nas fragatas dos nosos aliados, os \_\_\_\_\_. Vigo vai deixar de ser unha vila e vaise converter nunha \_\_\_\_\_ fiel, leal e valorosa. Os franceses só estiveron aquí \_\_\_\_\_ días. Todos os anos celébrase a Reconquista de Vigo lograda o \_\_\_\_\_ de 1809.*

## ANEXO 3: O plano

Plano de Vigo do XIX e plano de Vigo actual. Tamaño folio para fotocopiar.





## ANEXO 4: Verdade ou mentira

Exemplo do xogo VERDADE OU MENTIRA. Pódense cambiar as preguntas, ampliar e adaptalas á idade.

- O bicentenario da Reconquista será no 2009.
- Xosé I ou “Pepe Botella” era irmán de Napoleón.
- Vigo foi sempre unha cidade leal e valorosa.
- Adeus en francés dise *au revoir*
- Elvira foi unha importante batalla contra os franceses na Coruña.
- Os cregos como Vázquez Varela tamén loitaron.
- Carolo recibiu tres disparos tirando á porta da Gamboa.
- En Vigo houbo moitos mortos na Reconquista.
- Vigo foi a vila de España menos tempo ocupada polos franceses.
- As rúas da vila viguesa do XIX eran amplas e limpas.
- Vigo vivía principalmente do mar.
- Cando marcharon os franceses, o noso rei pasou a ser Fernando VII.
- O pobo de Vigo venceu grazas á intelixencia e á unión.
- Goya foi o pintor de Carlos IV e da Guerra de Independencia.
- O Cristo da Vitoria non existía antes da Reconquista.
- Vázquez Varela e Villavicencio foron intelixentes e usaron a diplomacia para que non houbera un baño de sangue.
- En Vigo non queda nada que lembre a Reconquista.
- As fragatas inglesas chamábanse Cliveliny e Venus.
- A Xunta do Reino de Galicia xuráballe fidelidade a Fernando VII, non a Carlos IV.
- Vigo pertencía no XIX á provincia de Tui.

Esperamos que estas propostas sexan útiles, do seu agrado e lles saquen utilidade.

## RECURSOS PARA O PROFESOR

### Material teórico. Resumo dos feitos históricos da Reconquista en Vigo

Queremos transmitirle neste resumo aos mestres e demais persoas interesadas os feitos e personaxes máis importantes da nosa Reconquista, ademais de información da cidade no século XIX. Esperamos que sexa de utilidade para as explicacións e para a realización das actividades na aula

### CONTEXTO HISTÓRICO: INVASIÓN NAPOLEÓNICA EN ESPAÑA E GALICIA.

#### ÉPOCA NAPOLEÓNICA

Non é doado sintetizar a complexidade política, social e económica deste período histórico, non só para Francia, senón tamén para España, o resto de Europa, e mesmo América Latina.

Trala Revolución Francesa de 1789, Napoleón Bonaparte (1769-1821) faise co poder en Francia e decide estender os seus dominios enfrontándose ás potencias do Antigo Réxime. Primeiro batalla en Italia e en Exipto e logo, vitoria tras vitoria, logra conquistar a maior parte do territorio europeo, realizando importantes transformacións políticas, afianzando os ideais revolucionarios e implantando un código civil, o chamado “Código Napoleónico”. As súas relacións co Papa Pío VII, de mutuo respecto ao principio, terminan en inimidade. A fin do Imperio napoleónico virá marcada pola derrota do exército francés ante a coalición europea en 1815, na batalla de Waterloo, morrendo Napoleón confinado na illa de Santa Elena anos máis tarde.

E trala morte do emperador nada volverá a ser o mesmo en Europa. No Congreso de Viena de 1815 Austria, Prusia e Rusia reúnense baixo o liderado de Inglaterra para redefinir o mapa político de Europa e do mundo.

Márcanse novas fronteiras, iníciase o período da restauración do absolutismo e coa creación da Santa Alianza inténtase deter novos movementos revolucionarios como o de 1789. Mentres tanto, comezan a estalar as ansias de independencia dos países iberoamericanos xurdidas grazas á difusión das ideas liberais da Revolución Francesa.

*(Para ampliar ver Material didáctico 3: A época napoleónica)*



Nº Inventario: 4523. Descoñecido  
**Napoleón Bonaparte.** Francia  
Acuarela sobre marfil. 3 x 2.5 cm  
Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”

## GUERRA DE INDEPENDENCIA EN ESPAÑA



**Bosquexo do retrato de Carlos IV a cabalo**  
Francisco de Goya. Atrib. Ca. 1800  
Museo Municipal de Vigo Quiñones de León  
NºINV 452



**Retrato de Fernando VII**  
José Camarón y Meliá. 1814  
Museo Diocesano de Tui-Vigo


A historia da Guerra de Independencia española ten o seu inicio no ano 1807, baixo o reinado de Carlos IV. Napoleón, aliado do noso país, co pretexto de atacar Portugal (aliada dos ingleses e inimiga polo tanto de Francia) atravesa a península coas súas tropas e invade España en 1808. O seu plan, unha vez ocupada España, é substituír a dinastía Borbónica por un membro da súa propia familia. O rei Carlos IV permite a entrada do exército francés e, convencido por Napoleón, trasládase coa súa familia a Baiona (Francia), circunstancia que aproveita o emperador para coroar ao seu irmán Xosé Bonaparte, “Pepe Botella”, como rei de España.

Malia ser un hábil estratega, Napoleón non contou coa enérxica reacción do pobo español que, indignado, levantouse en armas contra as tropas francesas con inextinguible valor, audacia e imaxinación sen límites. O exemplo do acontecido no levantamento madrileño do 2 de maio estendeuse como a pólvora. Xorden as Xuntas dos Reinos, como a de Galicia, ou a Xunta Central en Cádiz, onde as Cortes redactarán en 1812 a primeira constitución española, “A Pepa”. A táctica militar empregada polos españois estableceu unha guerra de guerrillas que, co apoio militar inglés e portugués, foi abatendo o exército francés que paulatinamente foi repregándose.

No ano 1814 Napoleón chega a un acordo co herdeiro de Carlos IV, Fernando VII, “O Desexado”, asinando entre ambos un pacto de non agresión polo que se recupera a dinastía borbónica para a coroa española.

## GUERRA DA INDEPENDENCIA EN GALICIA

### A GUERRA DA INDEPENDENCIA EN GALICIA DE ELVIÑA A PONTESAMPAIO (1809)



APROXIMACIÓN AOS MOVEMENTOS DAS TROPAS FRANCESAS EN GALICIA DURANTE 1809

Mapa extractado a partir da información facilitada polo especialista Sr. Coronel Navas (Museo Militar Rexional de A Coruña)

Ante os feitos da invasión napoleónica, a catividade dos monarcas en Francia e a xornada madrileña do 2 de maio, en Galicia vívese un ambiente prebélico. O 30 de maio de 1808, o pobo da Coruña proclama solemnemente rei de España a Fernando VII e constitúe unha Xunta Xeral do Reino de Galicia. Esta Xunta xura fidelidade ao monarca Borbón e chama a todos os galegos de entre 16 a 40 anos a alistarse para morrer defendendo a súa patria e a súa relixión.

En 1809 o Emperador ordena ao Mariscal Soult unha dobre misión: Perseguir e destruír ao exército británico de Sir John Moore evitando o seu reembarque, e marchar cara a Portugal. Despois de xornadas de persecución, as tropas enfróntanse na batalla de Elviña, onde morre Moore, pero as tropas británicas conseguen embarcar. A partir de aí, Soult enfila cara ao sur coa intención de entrar en Portugal, mentres que o Mariscal Ney chegaba ata Ourense. O Mariscal Soult toma Vigo e ordena a ocupación das prazas de Tui, Baiona, etc. Durante a primeira metade de 1809 xurdiu un levantamento medio organizado en varias comarcas galegas, que rematou na formación dunha milicia que liberou Vigo, Tui, Santiago e algunhas outras pequenas prazas. Máis adiante, o 7 de xuño, desgastadas xa polas guerrillas e o goteo de baixas e prisioneiros de pequenas gornicións, as tropas de Soult e Ney reuníronse e enfrontáronse en campo aberto á milicia, sendo derrotadas (batalla de Pontesampaio). Os franceses emprenden a retirada.

# RECONQUISTA DE VIGO

## VIGO EN 1809

En 1809, a vila de Vigo e a súa parroquia anexa de Santiago de Vigo contaban aproximadamente cuns 950 veciños, equivalentes a uns 4000 habitantes. Polo tanto, a súa poboación era menor que a de Tui, Lugo e outras.

### URBANISMO

Como se pode observar no plano, contabamos con dous castelos, o do Castro e o de San Sebastián, do século XVII. As murallas que rodeaban a vila tamén eran do século XVII e tiñan 6 portas: A porta da Falperra, a do Berbés, a da Laxe, Gamboa, do Sol, e do Pracer. Estas portas ábrense coincidindo cos vieiros principais de comunicación. Por exemplo, a do Sol abríase á estrada de Castela (hoxe rúa do Príncipe), a da Gamboa á estrada de Pontevedra e a do Berbés á de Baiona. Fóra dos muros quedaban o barrio do Areal, o da Falperra e o mariñeiro do Berbés. Esta muralla derrúbase a mediados do século XIX, quedando moi poucos restos.

Predominaban as vivendas de pequenas dimensións e as rúas eran estreitas, tortuosas e pendentes.

A praza da Constitución chamábase Praza Pública e presentaba un plano urbanístico moi parecido ao actual. Tamén había soportais e abundaban os pazos dalgunhas familias fidalgas poderosas. O concello merca algúns destes pazos para a súas propias instalacións e tamén como cuarteis. Polo tanto, nesta praza tiñamos o antigo concello (hoxe Casa Galega da Cultura), edificio que pola parte traseira daba á praciña da Alfóndega, hoxe Praza da Princesa. Confluían por esta zona as máis importantes rúas, como a Real e a rúa Pracer.

Na Praza Pública ou da Constitución celebrábanse os sábados animados mercados e tres feiras ao ano. Nos soportais había pequenas tendas.

A Praza da Princesa era a praza da Alfóndega ou de Antequera. Era dominio de mulleres e vendíanse aquí cereais. Hoxe en día ten unha fonte que conmemora a Reconquista da cidade, cun anxo que portaba unha bandeira de España e un castelo. Nesta rúa temos un arco, o arco de Quirós, que pertencía a unha casa que dita familia posuía nesta praza, e ao querer ampliar a casa e non podendo cortar a rúa Imperial (Joaquín Llópez), construíron o arco. Aquí situábase a Porta do Sol e partía a estrada a Castela, por onde hoxe en día temos a rúa do Príncipe.

Moitas das rúas de hoxe en día do Casco Vello Vigüés aínda conservan o nome dos antigos oficios que alí se levaban a cabo. É o caso da rúa Ferrería, que estaba un pouco afastada do centro para evitar incendios. Un dos casos de rúas gremiais máis coñecidos en Vigo é a rúa Cesteiros. Con anterioridade chamábase rúa da Amargura. O certo é que recibiu este nome polo traballo dun grupo de artesáns lusitanos, pero o que realmente máis se producía e vendía eran cacharros de cerámica e tamén bnastras. Non obstante, o aspecto das edificacións é o máis parecido que temos a un obradoiro gremial na época da Reconquista. As casas constaban de baixo e sobrado. O primeiro tiña unha fachada moi estreita que daba á rúa, pois non se podían amosar os produtos debido á competencia, que estaba prohibida. No interior estaba o obradoiro, e alí o mestre e os oficiais elaboraban manualmente os obxectos. Este interior servía tamén de tenda. No piso alto vivía o mestre, quen podía acoller algún aprendiz. A maior parte das casas desta rúa son do século XIX.



A praza de Almeida era coñecida como Praza Vella. O edificio que temos nesta pequena praza, hoxe Instituto Camoes, é o edificio civil máis vello de Vigo. Posiblemente sexa do século XVI. O escudo é o da familia Pazos e Figueroa, aínda que algúns chámanlle Casa de Arines. O edificio está rehabilitado. A praza recibe o nome de Almeida en honor a este oficial portugués que participou na Reconquista viguesa.

Outra rúa importante era a rúa Real, que sube dende O Berbés. Nela situábase a casa dos López Araujo. Era unha importante familia de comerciantes e tiñan un escudo. Cando fixeron ministro de Facenda a López Araujo en 1816, con Fernando VII, engádesse á casa un *Víctor*, unha placa de madeira cun V. Lamentablemente a casa queimouse hai pouco.

A primeira colexiata de Santa María de Vigo parece que se construíu no século XV, en estilo gótico mariñeiro e diante da colexiata habería unha robusta Oliveira. A colexiata contaba con capelas particulares e gremiais, e sábese que xa antes da Reconquista unha destas capelas albergaba o Cristo da Vitoria. Tanto no interior da igrexa como no exterior dispúñanse as sepulturas, sendo as máis caras as que estaban máis preto do sagrario. En 1809 as autoridades decidiron abrir un cemiterio público. O estado de conservación da igrexa na época da Reconquista non era moi bo e precisaba reparacións urxentes. No século XX, no ano 1934, inaugúrase a actual colexiata que está situada un pouquiño máis adiante que a anterior. Como xa dixemos, a existencia do Cristo da Vitoria xa é coñecida dende o ano 1740. Seica estaba nunha capela privada e que pouco a pouco a xente vaille collendo gran devoción, sendo sacado en procesión nas malas épocas. Cando se expulsa aos franceses se lle fai unha especie de voto e declárase ese día festivo. O certo é que o nome do Cristo da Vitoria xa vén de antes da vitoria sobre os invasores.

A oliveira de Vigo disque que é un renovo da que estaba no atrio da vella colexiata. Próxima á colexiata está a zona da Pedra. Dende moi antigo era un espazo político e de reunión importantísimo onde se discutían os asuntos económicos da vila. Estaba sen urbanizar, de aí o nome. O Arcebispo de Santiago nomeaba a seis concelleiros de por vida e un alcalde-xuíz cada tres anos. Para representar ao pobo, convocábase aos gremios o primeiro día do ano. Votábase a viva voz un representante do estado da terra e un do estado do mar, que debían defender os intereses do pobo dentro do concello. Todo isto desaparece na época de Fernando VII.

O barrio do Berbés foi un dos polos en torno aos que naceu a vila de Vigo. Existía xa no século XV, con dedicación mariñeira. O mosteiro de Melón, propietario dos terreos, necesitaba o peixe para o consumo da comunidade. Durante moito tempo foi o pulmón económico de Vigo, incluído o período da Reconquista, aínda que o industrioso barrio do Areal facíalle a competencia. Toda a descarga de peixe debíase organizar pola Ribeira xa que o concello gravaba o tráfico do peixe e necesitaba telo controlado. As edificacións aliñábanse dende a porta da Ribeira ou Berbés ata o convento de Santa Marta. Baixo os soportais salgábase con técnicas tradicionais. A maioría dos traballadores eran mulleres. Da venda encargábanse as regateiras e tiñan tratos cos carreteiros, que viñan dende lonxe cos seus carros para buscar o peixe. O certo é que o cheiro dos restos do peixe facían do Berbés unha zona moi pouco hixiénica. Consérvanse poucas casas daquela época. As típicas eran as casas con soportais que permitían resgardar os aparellos e barcas no piso baixo e que tiñan no piso alto un balcón ou corredor sostido por ménsulas de pedra.

No século XIX aparecen en Vigo os emprendedores cataláns, que se dedicarán á salagre de sardiña e pouco a pouco comezan a levantar as súas propias factorías no Areal. Usaban uns aparellos chamados “mortos” cos que descargaban grandes pesos sobre as pías cheas de sardiñas e deixábanas así preparadas para a conservación. En 1815 houbo que tomar medidas porque os mortos entorpecían a circulación. O Areal desbancou ao Berbés como centro comercial e industrial.

## OFICIOS

O Vigo do XIX era unha vila marcada social e profesionalmente por artesáns e mariñeiros, correspondéndolle a cada grupo case un terzo da poboación activa.

Existían moitos gremios ou corporacións de oficios, encargados de controlar todo o referido á produción. Os máis numerosos eran os xastres, zapateiros e carpinteiros. Os oficios dividíanse en tres categorías: Mestres, oficiais e aprendices. A máis alta categoría, mellor retribución.

Nos séculos XVIII e XIX, Vigo tamén era un importante porto para o comercio libre con América. Os homes de negocios vigueses actúan sobre todo como intermediarios importadores e reexportadores de produtos. En 1805 cóntanse 33 comerciantes, destacando o veterano Marcó del Pont, a viúva de López Araujo, etc. Estes comerciantes formaban parte da elite da vila. Todos eles tiñan casa e almacén nas principais rúas da vila. Esta época dourada remata en 1810.

Non debemos esquecer os corsarios, actividade económica que tamén tivo en Vigo unha gran relevancia. En época de guerra, os homes de negocios vigueses convertíanse en armadores de corsarios, un lucrativo negocio grazas ás presas lusitanas e inglesas. Os corsarios repartíanse o botín e deixaban unha parte para a igrexa ou o Cristo, agradecendo a súa volta a casa sans e salvos.

## POLÍTICA

No período da Reconquista os que mandaban foron acusados de afrancesados e substituídos por Vázquez Varela como alcalde da vila e Villavicencio como gobernador militar.

Pertenciamos á provincia de Tui e ao arcebispado de Santiago, ata que despois da Reconquista pasamos a ter o rango de cidade e pedimos nas cortes o dereito de voto. Isto está explicado de xeito máis extenso no apartado de consecuencias da Reconquista.

## OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA EN VIGO. DERROTA E EXPULSIÓN DOS FRANCESES.



Festa da Reconquista. Casco Vello, 2004.

No período da Reconquista os que mandaban foron acusados de afrancesados e substituídos por Vázquez Varela como alcalde da vila e Villavicencio como gobernador militar.

Pertenciamos á provincia de Tui e ao arcebispado de Santiago, ata que despois da Reconquista pasamos a ter o rango de cidade e pedimos nas cortes o dereito de voto. Isto está explicado de xeito máis extenso no apartado de consecuencias da Reconquista.

Cando chegan as novas da invasión napoleónica, da catividade dos monarcas e da xornada madrileña do Dous de Maio, en Vigo vívese un ambiente prebélico. O 30 de maio o pobo da Coruña proclama solemnemente rei de España a Fernando VII e constitúe unha Xunta Xeral do Reino de Galicia. En xuño as autoridades viguesas xuran fidelidade ao novo monarca, o que significa a guerra con Francia.

GALEGOS. Chorastes a sorte do voso amable Fernando: arde nos vosos corazóns o horror á perfidia co que se lle seduciou, temedes pola vosa SAGRADA RELIXIÓN, contades aniquilado o culto exterior, e mirades xa no voso maxín profanados os Altares (...). Volviades os ollos aos concellos, e aínda vos insultastes porque non alimentaban o voso lume contra o inimigo; chegou o caso: o voso reino xuntouse en Cortes, reasumiou a autoridade soberana que en tales circunstancias compételle por dereito, e fai dela o primeiro exercicio, condescendendo aos vosos desexos tan ruidosamente declarados, tendes xa caudillo, tómanse as disposicións máis vigorosas, correde pois ás armas, imos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas. (...)

Galegos: alistádevos de dezaseis a corenta anos, pois mellor é morrer pola vosa relixión e os vosos fogares, e na vosa Patria, que ir ao matadoiro por satisfacerdes unha ambición desmesurada.

### **Xunta Superior do Reino de Galicia. Proclama. A Coruña. 5-VI-1809**

A Xunta do Reino de Galicia enviou emisarios de paz a Inglaterra e este país, recoñecendo a soberanía de dita Xunta, acordou enviar tropas ao noso país baixo o mando do heroico Sir John Moore

Tras este chamamento, alístanse voluntariamente en só dous días 142 mozos vigueses e saen axiña para León coa intención de incorporarse no exército de Galicia. Ían nel o brigadier Marqués de Valladares e en calidade de oficiais tres fillos do futuro alcalde Vázquez Varela. A esta forza uniuse tamén a de artillería, polo que Vigo ficou completamente desgornecida.

Para remediar dalgunha maneira esta situación as autoridades convocaron aos veciños para formar un corpo de voluntarios encargados da defensa da praza, o cal foi bautizado co nome de Milicia Honrada. As súas filas estaban compostas por preto de 300 homes .

Pouco despois varios membros da corporación municipal viguesa son detidos pola poboación, incluído o gobernador da praza, Francisco da Roque, por sospeita de afrancesamento, quedando encerrados no castelo do Castro. Decídese que o novo alcalde da vila será Don Francisco Vázquez Varela e como gobernador militar é nomeado Don Juan de Villavicencio.

Estes nomes reclaman un *Víctor* de honor en lugar destacado da Casa Consistorial, pois demostraron inigualables dotes de goberno e prodixiosa habelencia na sutil contenda verbal e escrita que, durante os dous meses da ocupación francesa, souberon manter sen humillacións nin afagos cos xefes inimigos. A historia interna da Reconquista de Vigo está por escribir. A todos sóannos os nomes de Tenreiro, Morillo, Cachamuíña, Arias Enríquez, Almeida, Colombo, Parada de Limia, Rodríguez Seoane, etc. Pero apenas lémbrese a actuación prodixiosa do alcalde Vázquez Varela, alcalde antes dos franceses, con os franceses e despois dos franceses. Coñecemos os detalles da loita guerrilleira nos campos e fronte aos muros da vila, pero ignoramos en boa parte os da sutil estratexia interna, despregada con galaica "retranca" polos membros do Concello que acabaron minando a moral de Chalot e Limousin (os xefes das tropas invasoras en Vigo), vencéndoos dentro das

murallas xa antes que dende fóra. Vázquez Varela, con afouteza inflexible, negoulle sistematicamente ao coronel Chalot a auga e o sal, pretextando que a súa principal obriga era evitar a fame e a desorde entre a poboación. Deste xeito, as tropas francesas chegaron a carecer mesmo de forraxe para a cabalería.

Chegamos ao momento da conquista da vila. O malogrado Sir John Moore foi perseguido polo mariscal francés Soult ata A Coruña, onde, pese a morrer, logra o seu obxectivo: embarcar as tropas inglesas. Estamos a falar da batalla de Elviña. Cos ingleses lonxe, o Reino quedou franco para os mariscais de Napoleón. Soult, despois de someter o arco Ártabro, enfilou cara ao sur coa intención de entrar en Portugal, mentres que Ney, na retagarda, chegaba ata Ourense para logo seguir a Mondoñedo. Unha praza fortificada e cun excelente porto natural como Vigo debía de ser obrigatoriamente conquistada.

Era case inevitable que Vigo se rendese. Fronte a todo un corpo do exército, provisto de cabalería e artillería, disciplinado e intacto, Villavicencio non contaba con máis de 300 homes da Milicia Honrada. Tampouco tiñamos provisión de víveres para soportar un cerco. Non se podía esperar axuda de ningures. O xeral Moore pagara coa súa vida na batalla de Elviña, o exército de Galicia loitaba lonxe, os portugueses libraban xa os seus primeiros combates contra Soult. Villavicencio, ante o clamor dos que esixían unha defensa a morte, soubo ver que esta postura era suicida e preferiu capitular honrosamente antes dun derramamento de sangue inútil.

O 31 de xaneiro entran pola porta da Gamboa os Húsares franceses. O día seguinte fixérono uns 1200 homes de infantaría pola porta do Sol e tres días máis tarde completaron a ocupación 450 Dragóns.

É o momento da **Capitulación Honrosa**. Asíñase a capitulación co maior francés Nicolay en termos, sen dúbida, vantaxosos: os franceses respectarían todo o tocante á relixión, manterían aos actuais edís e permitirían a presenza dentro das murallas dun batallón de 50 homes da Milicia Honrada. Ao mando da vila quedan o coronel Chalot e o xeral Limousin.

Dende o mesmo momento da capitulación, Vázquez Varela e os seus rexedores xuramentaron para conspirar contra os franceses. Unha sutil rede de enlaces mantivo o contacto das autoridades clausuradas na vila cos caudillos do exterior. Fóra das murallas actívanse todos os resortes para organizar os exércitos de voluntarios populares. Sucédense urxentes reunións de todas as forzas civís, militares e relixiosas. A consigna xeral era cercar e liberar Vigo e obrigar ás forzas francesas a abandonar a vila.

Non hai a menor dúbida de que en Galicia a guerra contra os franceses tivo un forte compoñente popular. O campesiñado e outros sectores do pobo baixo non só se mobilizaron seguindo aos seus señores naturais –fidalguía e clero- senón tamén polas malas maneiras dos franceses que esixían racións de comida e cartos empregando mesmo a violencia. Inda por riba, falaban outro idioma. Non había entendemento posible.

A xente estaba dividida en dous grupos: os que quedaron dentro das murallas e os que estaban fóra, que pouco a pouco foron cercando a urbe. Houbo un constante transvase de homes e mulleres cara afora e esta trasfega era aproveitada para subministrar aos cercadores balas, papel, fusís e ata barrís de pólvora. Mulleres e homes roubaban aos franceses, servían de enlace co exterior e organizaban unha estratexia conxunta.

Na praza de Vigo quedaban apenas 2000 soldados franceses, entre eles bastantes feridos e enfermos. O abade de Valadares e o alcalde de Fragoso, D. Cayetano Parada de Limia, enviaron emisarios a Vázquez Varela co fin de iniciar unha acción conxunta, especialmente encamiñada a abastecerse de armas.

Os curas e frades xogaron un papel importante nesta revolta. Para os cregos e para os fidalgos xogábase moito máis que a supervivencia dunha dinastía, era a defensa do seu sistema socioeconómico, cheo de dereitos e privilexios que se vían ameazados polos invasores. Os púlpitos convértense en tribuna pública e os confesionarios serven para transmitir consignas, avisos, etc.

En Vigo destacaron os frades do mosteiro franciscano do Berbés. Cinco fuxiron tan pronto como se avistaron os franceses e organizaron as guerrillas. Destacan o padre Xiráldez e, sobre todo, Frei Andrés Villageliú, que se disfrazaba de labrego co seu burriño e conseguiu pólvora e fusís. Os frades que quedaron no convento de Santa Marta, onde se establece o hospital dos franceses, servían de emisarios, fabricaban tamén cartuchos e balas, arrebatában armas aos enfermos e introducíanas nas guerrillas. Cómpre destacar tamén outros cregos como o famoso cura de Valadares, D. Juan Rosendo Arias Enríquez quen dirixiu o cerco de Vigo, D. Juan Troncoso, abade do Couto (Cañiza), o abade de Matamá, o de Bouzas e un longo etcétera.

Vigo pertencía á provincia de Tui e o xuíz de Tui, Cosme Antonio Rodríguez Seoane, despregou unha grande actividade, concertando vontades e propósitos e percorrendo a maior parte do territorio para animar ao pobo a concentrarse nos cercos de Tui e de Vigo.

O cerco de Vigo comeza formalmente o 17 de marzo. A situación dentro das murallas é cada vez máis difícil, non soamente para os galegos, senón tamén para os franceses que tiñan moi minada a súa moral. Cada vez escasean máis os víveres, sucédense algúns desgraciados enfrontamentos entre vigueses e franceses. Os franceses intentaron saídas en busca de comida e forraxe, pero sempre foron vitoriosamente rexeitados. A desesperación dos franceses chegou a tal punto que o 25 de marzo atacan o barrio da Falperra armados e entran nas casas, insultando e rexistrando todo ata encontrar algo de comida.

Mentres tanto, fóra das murallas concéntranse xa un total de 4000 persoas que cercan a vila e coaccionan ás tropas franceses para que se rendan. A sensación de impotencia e o desánimo deberon menoscabar axiña a vontade dos imperiais.

Os nomes de fidalgos e cregos que participaron na Reconquista de Vigo son de sobra coñecidos, algúns como líderes guerrilleiros (D. Cayetano Parada, D. Joaquín Tenreiro, o abade de Valadares, os franciscanos Villageliú e Giráldez), outros eran militares de carreira (Pablo Morillo, “Cachamuíña”, Colombo ou Almeida) pero a maioría era xente do pobo empuñando calquera arma.

Contábase tamén coa axuda das fragatas inglesas Lively e Venus, que renunciaron á vixilancia inútil ao longo da costa para situarse na ría de Vigo e abrir fogo contra os castelos do Castro e San Sebastián.

Ante tal situación, comínase a Chalot a renderse, mais ao parecer non lle gustaba a idea de facelo ante alguén que non tivese o seu mesmo rango militar. Finalmente, decídese elevar a Don Pablo Morillo ao grado de coronel.

Chalot pactou a capitulación da praza o día 27 de marzo pero, como en anteriores ocasións, pediu un prazo de tregua a Morillo. Pasado o prazo a gornición seguía sen renderse. Sospeitando -con razón- que así só trataban de gañar tempo en espera dos reforzos que dende Tui mandaban os franceses, decídese o asalto á vila na noite do 27. O alcalde Vázquez Varela tiña xa preparados 300 voluntarios no interior para que atacaran tamén aos franceses.

Os feitos serían máis ou menos así:

*“En esto se mandó dar aguardiente a la gente, y pasó orden el bizarro Cachamuíña para aproximarse a la plaza, dirigiéndose con la suya hacia el castillo del Castro, a quien seguían los de Santa Cristina (de Lavadores). Los de Bembrive marcharon hacia la puerta de los Cerdos; los más del valle del Fragoso hacia la puerta de la Ribera y castillo de San Sebastián; los de Bouzas a la Falperra y los de San Antoniño al mando de su comandante por la puerta de la Gamboa. Comenzó el fuego a las 9 de la noche, y no duró más que hasta las 10; pues viendo los franceses que los españoles no sólo tenían abiertas las puertas de la villa sino también del castillo, tocaron caxas, diciendo que estaban entregados a discreción, que cesase el fuego, que a las ocho, del día siguiente, el 28, se entregaría la plaza y castillos, y que ellos se daban por prisioneros con la condición de que embarcasen y llevasen los ingleses (...) a las once de la noche, después de haber cesado el fuego, se presentó el gobernador francés a firmar las capitulaciones”*

Existe a tradición de que durante o combate na porta da Gamboa, un vello mariñeiro do Berbés, “Carolo”, tenta derrubar a porta cunha machada caendo morto baixo os disparos inimigos. O labor remataralo D. Bernardo González “Cachamuíña”, resultando ferido de varios disparos.

Morillo, nomeado comandante, mandou cesar as hostilidades. Ao amencer do 28 Chalot ordenou enarborar bandeira branca. Ás dez da mañá el e Limousin abandonaban a vila pola porta da Laxe, ao fronte de 46 oficiais e 1395 soldados, que foron deixando as súas armas na praia. A Reconquista tocaba a súa fin.

Agás os feridos e os enfermos que en calidade de prisioneiros permaneceron no hospital de Santa Marta, todas as forzas francesas pasaron a bordo das fragatas Lively e Venus, para ser trasladadas a Inglaterra. Durante o traslado dende o castelo ás fragatas chega a nova de que, cara á vila e dende Tui, viña unha columna francesa de auxilio, o que precipitou aos guerrilleiros galegos a atacar aos rendidos franceses, facéndose o embarque dun xeito “precipitado” por canto a furia dos paisanos trataba de vingarse dos moitos agravios sufridos.

Cómpre destacar que Vigo foi a primeira praza recuperada de toda España tras tan só 58 días de asedio. Ademais, este feito histórico logrouse sen apenas derramamento de sangue, grazas á colaboración, ó diálogo e á estratexia dos nosos gobernantes.

Unha boa parte das tropas liberadoras saíulles ao paso aos franceses, sendo rexeitados e dispersados. Poucos días tardaría a capital da provincia, Tui, en ser tamén rescatada e os franceses repréganse en Portugal para unirse ao groso do exército de Soult.

Liberada a vila, as forzas regulares e moitos mozos voluntarios da comarca súmanse á división do Miño, nova forza galega creada trala feliz experiencia da Reconquista de Vigo e Tui. Esta división empeñárase en liberar Galicia e obtén a decisiva vitoria de Pontesampaio sobre as forzas do Mariscal Ney na dura batalla do 7 e 8 de xuño de 1809.

## CONSECUENCIAS INMEDIATAS DA RECONQUISTA

A exemplar acción da vila foi recoñecida como era de xustiza. Con data 1 de marzo de 1810, o Consello de Rexencia de España e Indias, establecido en Cádiz, concede á ata entón vila de Vigo “o privilexio e título de Cidade Fiel, Leal e Valorosa, en atención aos sinalados servizos, heroica lealdade e esforzado denodo manifestado polos seus veciños na defensa da xusta causa da independencia nacional, relevándoa do pago de todo xénero de servizos por esta graza”.



ESCUDO DE VIGO COMO CIDADE

Despois disto, os vigueses lánzanse a demandar voto en Cortes, que cese o señorío arcebispal e que se erixa un Consulado de Comercio.

Tui négase a recoñecer o tratamento de Nobre e Leal Cidade, por considerar que tal timbre só pertencía ás sete antigas capitais de provincia; no seu nome e no das outras cidades eleva a queixa ás Cortes de Cádiz. Detrás disto agóchase o temor a verse prexudicada na representación que lle corresponde nas Xuntas do Reino.

Os vigueses contraatacan recorrendo á Real Audiencia, máximo tribunal rexio en Galicia. Finalmente, Fernando VII, en atención a que o Concello de Vigo pasou a *rendirme los más sólidos y respetuosos testimonios de amor, obediencia y fidelidad por mi gloriosa restitución a trono de mis augustos predecesores*, con data de 22 de novembro de 1819 confirmaba a concesión do título, dando por rematada para sempre a disputa.

Outra consecuencia pódese observar no escudo da cidade. Ao principio o escudo tiña un castelo e unha cuncha, que representaba o señorío que o arcebispado de Santiago tiña sobre Vigo e as parroquias do redor.

En 1811 abolíronse os señoríos nas Cortes de Cádiz e desaparece a cuncha. Con Fernando VII os señoríos pasan a ser do rei e cambia a cuncha pola coroa. Cando morre Fernando VII e o liberalismo trunfa en España, comeza a aparecer no escudo a árbore, que agora é unha oliveira.

Tamén se premiou aos leais e se castigou aos colaboracionistas.

En abril de 1810, o Consello de Rexencia en nome do rei concede a graza a certas persoas que se destacaron na loita contra o invasor napoleónico de empregar un Escudo de Honra:

*“Cuyo centro han de ocupar las armas de Vigo y Tuy, y en su extremo la inscripción **En la unión consiste la fuerza**, con el emblema de dos brazos con las manos entrelazadas y en el borde del círculo mayor la siguiente: **Al mérito contraído ante Vigo y Tuy, la patria agradecida**; todo en consideración al mérito que contraieron en la reconquista de dichas ciudades”.*

En principio esta distinción recaerá, seguindo en parte o indicado por D. Joaquín Tenreiro, nun particular -o propio demandante-, dous cargos públicos de Tui, sete militares españois e un portugués (Almeida), e trece cregos, entre eles os abades de Couto, Valadares, Matamá, etc. Tamén se lle concederá a D. Francisco Parada Pérez de Limia.

Pero as recompensas fan alén do puramente simbólico, de xeito que os de condición eclesiástica foron promovidos a suculentas coenxías vacantes ou á espera de que quedasen libres das catedrais de Compostela, Tui e Mondoñedo, no caso dos máis sinalados.

Os militares tamén foron ben recompensados: D. Bernardo González “Cachamuíña”, co goberno militar de Vigo e logo o de Tui. Ao subtenente D. Pablo Morillo referendóuselle o grao de coronel. O capitán Colombo pasa a comandante do rexemento galego “Victoria o La Muerte”.

Os particulares tampouco quedaron atrás á hora do reparto. O poderoso fidalgo D. Joaquín Tenreiro, aproveitando a súa presenza en Cádiz como deputado a Cortes, o título de Conde de Vigo.

O alcalde D. Francisco Xavier Vázquez Varela entra nunha praza de Oidor da Audiencia de Galicia, primeiro escano dunha fulgurante carreira na administración do estado.

O botín conseguido non tivo moito valor. En Vigo quedou o armamento e equipo da gornición, claríns, trompetas, caixas de guerra e instrumental músico. 117.000 francos e todos os papeis e a equipaxe do mariscal Soult, incluíndo o seu sable.

Con respecto ao Cristo da Vitoria, xa dixemos que o seu nome non ven da vitoria sobre os franceses, posto que o Cristo xa existía e chamábase así con anterioridade. O certo é que o 30 de marzo de 1810 o concello acorda establecer:

*“por día festivo el 28 de marzo de cada año como el de nuestra libertad, el que se ha de dedicar enteramente al culto divino y de la venerada efigie del Santísimo Cristo de la Victoria con la función más clásica que se acuerda”.*

Ademais, outórgase o nome de Barrio da Vitoria á zona que vai dende a porta da Gamboa ata o camiño que se dirixe á parroquia de Santiago de Vigo.

No centenario da Reconquista faise unha importante procesión e colócase unha placa conmemorativa na rúa Vitoria que continúa alí hoxe en día.

Haberá que esperar ata 1957 para que a data do Cristo pase para o primeiro de agosto. Nesas datas celébrase unha solemne procesión onde se expresa a fervente devoción ao Santísimo Cristo da Vitoria.



## GRANDES PROTAGONISTAS

### • Carolo

En todas as historias de contido bélico aparece sempre algún feito ou personaxe que se atopa no estreito fío que separa o mito da realidade. Na Reconquista de Vigo de 1809 non podía ser doutro xeito e, no medio da brétema, emerxe a singular figura á que lle puxeron, non se sabe ben quen nin cando, o alcume de “Carolo”, co cal vai ser coñecido na posteridade.

No libro LXIV da “Historia del levantamiento, guerra y revolución en España”, escrito por D. José M<sup>a</sup> Queipo de Llano Ruiz de Saravia, fálase sobre o ataque dirixido por Bernardo González del Valle “Cachamuíña” dende a porta da Gamboa contra os franceses e cóntase o seguinte:

*“...se destacó entonces entre ellos un viejo marinero del Berbés, que manejando fieramente un hacha con un valor impropio de su edad, se arrojó hacia aquella firmísimo entrada cuyo nombre iba a inmortalizarse aquella noche, descargando sobre ella veloces golpes que la despedazaban en astillas, haciendo saltar chispas siniestras de sus herrajes, hasta que una bala enemiga le derribó traidoramente en tierra...”*

Seica morreu naquel acto de heroicidade, pero a súa afouteza non foi en van porque a súa fazaña rematouna “Cachamuíña” non sen antes recibir tres disparos.

A figura de “Carolo”, mariñeiro, ancián e morto na loita, ten un forte carácter simbólico, representando a toma da vila como acto de autoría colectiva na que participa todo o pobo, sen distinción de idade ou condición, ao mesmo tempo que exalta dous valores moi de moda naquela época: a valentía persoal e o sacrificio pola patria.

### • D. Bernardo González del Valle “Cachamuíña” (1771-1848)



Naceu no lugar de Cachamuíña (Prexegueiró, Pereiro de Aguiar) en 1771, fillo dun militar e da herdeira da casa fidalga de Trasariz (Roncos), que herdará. Tivo unha filla ilexítima e en 1806 casa coa compostelá D<sup>a</sup> Josefa de Ballesteros, parente do futuro ministro López Ballesteros. Morre, retirado da vida pública, en 1848. A iniciativa do “Centro de Hijos de Vigo”, as súas cinzas foron depositadas en 1934 no cemiterio de Pereiró, en Vigo, onde ten estatua e rúa dedicada.

Participou na defensa do Ferrol cando o desembarco británico. En 1800 acadou o grao de capitán do Rexemento Provincial de Ourense. Cando se produce a invasión estaba de gornición con ese corpo militar en Vigo, ás ordes do Marqués de Valladares.

Comeza a guerra servindo baixo o mando do Marqués de La Romana, quen lle asigna un cento de soldados para que estenda a insurrección popular por todo o Reino. Instala o seu cuartel xeral en Boborás (Ourense), e derrota con poucos medios ás tropas de Sault en Pazos de Arenteiro. Logo contacta con Colombo, e unha vez ocupada Pontevedra acorda con este e Morillo estreitar o cerco de Vigo, onde chega o 26 de marzo e onde non foron ben recibidos polos xefes guerrilleiros que xa tentaban negociar cos franceses, aos que manda prender. Pero vendo que Chalot tentaba gañar tempo, na noite

do 27 ataca a porta da Gamboa, onde rompe a porta cunha machada, recibindo tres balazos e outro cando entra na vila, quedando inutilizado para seguir a loita.

Os xefes proclamaron comandante de armas e gobernador da praza viguesa a Colombo, pero a presión popular fixo que o cargo recaese en “Cachamuíña”. Adoptará diversas medidas para reforzar a súa posición, ameazando con ser pasados polas armas e tratados como desertores aos soldados dispersos que non se presentasen. Ascendido a coronel, é designado en xullo gobernador de Tui e, repostado xa das feridas, comanda en outubro a chamada “Legión de Voluntarios del Ribeiro” que se une ao exército de La Romana.

A finais de 1811 pide a baixa profesional do exército. De ideas absolutistas, disque sufriu multas e prisión nos dous períodos constitucionais.

### • **Pablo Morillo.** (1778-1837)

---

Naceu en Fuenteseccas (Toro) e morreu nun balneario de Francia onde acudira a curar a doenza dunha ferida no costado. En 1791 alístase no Real Corpo de Gardamariñas. Dous anos despois destinárono a Ferrol e máis tarde toma parte no sitio de Tolón (Francia) onde recibe o seu bautismo de sangue. Loitou tamén en Cataluña. Máis tarde fixérono prisioneiro e, tras recobrar a liberdade, asiste ao bombardeo de Cádiz polos ingleses. Estes méritos de guerra valéronlle o ascenso a Sarxento Segundo. Tamén participa na malfadada batalla naval de Trafalgar (1805) onde é ferido e cae prisioneiro. Iniciada a invasión francesa da península, en xuño de 1808 fixérono subtenente do Rexemento de Infantería “Voluntarios de Llerena” co que loita na vitoriosa batalla de Bailén. Pelexas aquí e acolá e é ascendido a tenente graduado de capitán.

En Galicia, como enviado da Xunta Central, atópase con Colombo e Cachamuíña no asedio de Vigo o 26 de marzo. Como os franceses non quixeran capitular ante un xefe guerrilleiro, e malia envexas intestinas, decidiron ascendelo a coronel asinando con Chalot a rendición. Axiña, as autoridades confirmárono na categoría dese emprego militar.

Participará en xuño na batalla de Pontesampaio, que significou o principio da fin do dominio francés.

Rematada a guerra napoleónica e ascendido a tenente xeneral, loitará contra os insurxentes independentistas das colonias americanas. De retorno á península, en 1821, é nomeado Capitán Xeral de Castela a Nova e despois de Galicia. En 1823, traizoando ao goberno constitucional, colabora cos “Cen Mil Fillos de San Luís” para restablecer o absolutismo en Galicia pero, flutuante entre o absolutismo e o liberalismo, acaba marchando ao exilio.

Estaba en posesión de gran cruz de Carlos III, das de San Fernando, A Xustiza, e Isabel A Católica. Era así mesmo xentilhome de cámara da Súa Maxestade.

### • **Francisco Colombo**

---

Cando comeza a guerra de Independencia, Colombo e moitos soldados máis estaban loitando en Alemaña e Dinamarca ás ordes dos franceses. De súpeto, a situación cambia e esas tropas son abandonadas en Dinamarca. Colombo, con outros soldados máis retorna nun navío inglés que o deixa ao parecer nunha praia de Galicia. Aprésano os franceses e fuxe ao campamento do Marqués de La Romana. Este encárgalle que levante aos paisanos da zona entre as antigas provincias de Tui e Santiago. Ataca a unha columna francesa que se dirixía a Pontevedra, cidade na que entra unha vez desocupada. Colombo chamou á veciñanza para que elixise unha nova corporación e xurase fidelidade a Fernando VII.

Ese mesmo día chegan “Cachamuíña” e Morillo, acordando que o conveniente era reforzar o cerco de Vigo, onde chegan o día 26, establecendo campamento no Areal. Na noite da

xornada seguinte é un dos que se lanzan ao asalto das murallas para obrigar a renderse aos franceses.

Para evitar desavinzas entre os líderes españois, o acabado de nomear gobernador militar D. Bernardo del Valle, impedido polas feridas de loita, nomea a Colombo xefe militar e encárgalle a Morillo que estreite o cerco á cidade de Tui.

Continuará loitando durante a guerra. En 1809 constitúese o Rexemento de Infantería de “La Muerte”, reformado ao ano seguinte e despois refundido co da “Lobería”. Compúñase de 1000 homes e ao mando estaba o coronel Francisco Colombo.

### **• Fr. Andrés de Villageliú**

---

Ignórase a súa ascendencia, pero polo apelido queda patente a súa orixe catalá ou levantina.

Formouse no Colexio de Pasantes asociado ao convento dominico de Alba de Tormes. En 1808 exercía de “Predicador Maior” no antigo convento de relixiosos franciscanos do Berbés.

Sabedor da irrelixiosidade e odio ao clero de moitos franceses, cóntase que comezada a guerra desfixose do hábito monacal e dedicouse a recoller armas. Así como entraban os invasores, para non someterse ao inimigo, el e outros 4 frades saíron da vila. En Vigo disfrázase e rouba barrís de pólvora aos franceses. Tamén fabricou cartuchos xunto co cura de Valadares. Asiste ao cerco da vila. Ao pouco de ocupala, está entre os que repeleron a unha columna francesa que viña en axuda dos que cría cercados. Tamén está presente na batalla de Pontesampaio.

Canso, retírase á vida relixiosa, publica e dita varios sermóns públicos, sendo designado en 1818 P. Gardián do convento do Ferrol.

Gañado polas ideas do liberalismo durante o Trienio (1820-23), o sinistro arcebispo Vélez castigarao coa secularización e expulsión da diocese, publicando un opúsculo no que se retractaba das súas ideas.

### **• Fr. Francisco Giráldez**

---

Compañeiro de Villageliú no convento franciscano do Berbés, representa moito mellor aos centos de cregos que participaron na guerra á fronte das partidas de milicianos.

Abandonou o mosteiro para levantar á paisanaxe de Mos e O Porriño. Ao seu mando participa nas escaramuzas cos franceses que saían a procurar forraxe. Informado o 14 de marzo de que unha columna de franceses procedentes de Pontevedra tentaba chegar a Vigo, malia os escasos medios con que contaba, repeleunos no alto de Puxeiros, deixándolles varios mortos e tomando prisioneiros, armas, etc; tentaron chegar por Lavadores, e tamén sufriron un revés. Nas saídas dos imperiais ata Castrelos e outros puntos, alí estaba loitando o P. Giráldez. Este mandou preparar escadas para subir á muralla, coa que se presentou aos xefes militares españois. Á súa tropa tocoulle o asalto á porta da Gamboa.

Ao pouco, xunto con Almeida e outros comandantes, fixo retroceder a unha columna francesa que viña en auxilio de Vigo dende Tui nas alturas de Castrelos (Vigo), perseguíndoos ata ás portas da capital baixomiñota.

Seguidamente participa con 800 homes no cerco á cidade de Tui, que se salda cun tremendo fracaso por ineficacia militar e receos dos xefes españois, resistíndose o

P.Giráldez a abandonar o cerco. Tamén participa na batalla de Pontesampaio e na toma de Santiago.

Rematada a loita en Galicia, segue en Asturias, Astorga, Tordesillas e Burgos. Volta a paz, retorna á vida conventual, sendo premiado pola Orde Franciscana co cargo de Lector de Casos e Definidor honorario en 1830. Morreu con posterioridade a 1832.

### **• D. Cayetano Parada Pérez de Limia**

---

Naceu en Gundín (Xinzo de Limia) e morreu na súa casa de Pardaiña en Alcabre en 1821.

Casado dúas veces, o seu fillo primoxénito morreu cedo, e os outros tres varóns abrazaron a carreira sacerdotal.

Como os ingresos das rendas da terra non eran gran cousa, complementaba a súa economía exercendo de xuíz-alcalde, primeiro do couto de Valadares, e logo de Bouzas.

Era un fidalgo anticuado, defensor acérrimo do absolutismo da monarquía borbónica e da relixión católica. Aborrecido de ter que achegar mantementos para os franceses, malia a súa avanzada idade e de acordo co rexedor vigués Vázquez Varela, a quen coñecía ben, e cos frades franciscanos, acordouse levantar o cerco á vila. Os enfrontamentos cos franceses que saían na procura de vituallas comezan xa o 11 de marzo, sempre en coordinación cos de dentro. Na súa casa fabricábanse cartuchos. Demandou a axuda dos paisanos do Morrazo e conseguiu que os buques ingleses que estaban na ría se sumasen ao bloqueo. O día 19 os xefes guerrilleiros cominaron en van aos imperiais a renderse, pasando logo o protagonismo aos militares de carreira. Finalmente, o 28 tocoulles asaltar a porta da Falperra.

Cando solicitou recompensas para os que destacaron na loita, Tenreiro esqueceuse dos Parada de Limia, pero o 11 de xuño de 1810, o Consello de Rexencia facíalle honra do “Escudo de Honor” a D. Francisco e aos seus directos familiares.

Pasado o furacán constitucional gaditano exercerá de xuíz-alcalde de Bouzas ata o Trienio Liberal. Implicado no levantamento pro-absolutista de El Cerquito, foi detido e preso, fenecendo pouco despois.

### **• D. Joaquín Tenreiro Montenegro (1758-1834)**

---

Naceu en Requena (Valencia) e morreu na cidade de Betanzos. Tiña coutos e lugares en Betanzos, Santiago e Tui. Participa nos sucesos do 2 de maio en Madrid..

Convocado en representación do Reino para as Cortes de Baiona, rachou o pasaporte francés e declarou:

*“Mi partido está tomado. Galicia levantó su frente, la suerte de mi patria es la mía”*

Preséntase en Santiago, onde fora procurador xeral, e entrega á Xunta uns 15000 reais. Convenceu á Xunta para recadar medios cos que loitar contra o invasor francés e encargouse dunha leva de milicianos para o Marqués de la Romana. Marcha despois a Portugal e coñece a nova de que os franceses requisaron os seus bens por consideralo rebelde a Xosé I. Pasa tamén por Tui e Pontesampaio, sempre levantando aos cidadáns contra os franceses. Novamente en Portugal coa intención de sublevar as ribeiras do Miño, é requirido para que vaia a Vigo. Ao seu paso por Baiona topa co capitán portugués Almeida de quen di, enganando á paisanaxe, que representa unha avanzada do exército lusitano e que el tiña facultade do Marqués de la Romana para delegar o mando das tropas na persoa

que desexase. Únenselle 3000 homes do Val Miñor. O día 12 xa están no cuartel xeral de Zamáns.

Caracterizouse Tenreiro por ser un home ambicioso e intrigante. Incomodouse con Morillo, e ata con Almeida, a quen reprochaba non facerse valer.

Expulsados os imperiais de Galicia, pasa a Cádiz, sendo nomeado conde de Vigo e coronel dun dos rexementos de reserva en Galicia. Participou nas Cortes de 1810 en representación da provincia de Santiago, onde defendeu con ímpeto belixerante as ideas absolutistas. Demostrado que non era natural desa provincia terá que renunciar á acta. En 1817 noméaselle Coronel do Rexemento de Milicias Provinciais e en 1823 xefe principal do Corpo de Voluntarios Realistas de Betanzos, onde falece.

### • O Abade de Valadares

---

Nace en Bande (Ourense). Por vía da súa nai viña sendo primo irmán do Marqués de Valladares, D. Martín Henríquez Sarmiento. Ingresa no seminario de Lugo e en 1786 pasa a rexeo a parroquia de Santo Andrés de Valadares.

Botando man do sermón e do confesionario para mobilizar ao campesiñado da comarca, foi, senón o primeiro, un dos que antes tomaron as armas contra o invasor napoleónico. Xuntou ata 3000 homes con máis coraxe que medios e estableceu campamentos nas parroquias montuosas e estratéxicas de Zamáns, Lavadores e Castrelos.

Xunto con D. Cayetano Parada, foi o primeiro en levantar o cerco a Vigo, disposto xa o día 12 de marzo, chegando pouco despois Morillo e o abade de Couto. O 19 uníronselle o cabaleiro Tenreiro e o portugués Almeida.

Unha vez en Vigo, foron os oficiais militares os que, no medio de certa confusión, acabaron por tomar as rendas da rendición da tropa francesa, non obstante da participación das milicias do belicoso abade na toma da vila.

Non houbo quen puxese en dúbida o seu decidido protagonismo dende os momentos iniciais do levantamento, o que lle valerá ser agraciado co Escudo de Honra e, sobre todo, obter unha coexía na opulenta Catedral de Santiago, da que toma posesión tan pronto como queda unha praza libre, en 1811.

Faleceu en 1814, sendo sepultado nun dos claustros da basílica compostelá.

### • D. Francisco Javier Vázquez Varela (1745-1819)

---



Nace en Vigo nunha familia de clase media dedicada á administración das rendas públicas e casa con D<sup>a</sup> Manuela Fontenla. Seguiu a carreira de leis na Universidade de Santiago.

Ademais de traballar de avogado e asesor letrado de Guerra, Mariña e da Tesourería de Facenda, amasou unha grande fortuna (en 1811 ocupaba o posto nº 25 na lista dos cidadáns máis ricos de Vigo) administrando os alelís do sal -tradición familiar- e as rendas provinciais de Betanzos, participando en compañías comerciantes, como propietario de terras, etc. Era, como se ve, un home polifacético.

Tralo motín popular de xaneiro de 1809, no que o pobo

arrestou ás autoridades municipais e militares viguesas, un grupo de notables da vila escolleuno como alcalde-

xuíz de xeito que a súa primeira preocupación foi manter a orde, ameazando mesmo coa pena de morte aos que non entregasen os obxectos saqueados durante o balbordo popular.

Continuou no cargo baixo dominio francés como se pactara na rendición da praza pero dende dentro, na medida das súas posibilidades, levou a cabo un secreto pero efectivo labor de zapa e desgaste dos inimigos (prohibiulles que rexistrasen as casas para aprovisionarse, informaba de epidemias, etc). Tamén mantiña contactos cos guerrilleiros do exterior, sobre todo co abade de Valadares e co seu amigo D. Cayetano Parada, alcalde-xuíz de Bouzas, para organizar o cerco. Neste sentido facilitoulles armas e favoreceu a saída dos que querían unirse ao cerco.

Como consecuencia da guerra perdeu o seu pazo de O Penedo e un dos seus fillos en Riba de Tormes. Outro dos seus fillos quedou impedido.

En agradecemento, algúns veciños quixeron gravar na parede da súa casa o seu nome con letras de ouro, negándose a tan van gloria.

Como se vira obrigado a xurarlle lealdade ao rei Xosé I Bonaparte e contribuíra a abastecer ás tropas francesas, tívose que presentar en calidade de reo en Ourense ante o Marqués de la Romana ou a Xunta de Lobeira. Logra saír airoso.

Fiel ás súas ideas absolutistas e á monarquía de Fernando VII, fixo fulgurante carreira na administración: Oidor da Real Audiencia de Galicia, máximo tribunal rexio de Galicia con sede na Coruña, Alcalde de Casa e Corte de Madrid e, como culminación, en 1816 ascende Ministro (membro) do Concello de Facenda, quizais á sombra do seu veciño López Araujo, que chega a efémero Ministro de Facenda de Fernando VII nese mesmo ano.

## OUTROS PERSONAXES

---

### • **Sir John Moore**

---

Este importante inglés enfrontouse aos franceses durante a Guerra de Independencia en España. Napoleón ordena ao Mariscal Soult que o persiga e que impida que as súas tropas embarquen cara a Inglaterra. Moore, seguido de Soult, conseguirá embarcar as tropas inglesas na Coruña, non sen antes loitar na batalla de Elviña, onde perde a vida.

### • **O Marqués de la Romana**

---

Este curioso personaxe estaba destinado en Dinamarca, ao mando dos franceses, cando estalla a Guerra de Independencia española. Ao igual que Colombo, é recollido por barcos ingleses. O Marqués forma un exército duns 4000 soldados e retírase aos montes de Ourense. Alí súmanselle cada vez máis soldados, ata un total de 10000. É un importante referente político e militar da Guerra de Independencia e da Reconquista de Vigo. El era o único con poder para dar ordes en Galicia. Tiña o alcume de Marqués de la Romana porque ía de monte en monte escapando dos franceses, como se foxe de romaría.

## • Chalot

---

Cando os franceses, despois da batalla de Elviña, reciben ordes de dirixirse cara a Portugal, o Mariscal Soult decide tomar a vila de Vigo, pero el soamente queda nela ata o 15 de febreiro. A partir dese momento o mando queda nas mans de Chalot.

Parece ser que mantivo unha actitude que combinaba o talante conciliador cun ton enérxico cando era preciso. Non era este precisamente o estilo dos arrogantes oficiais galos, que se comportaban como amos absolutos de vidas e facendas, consentindo o saqueo e a pillaxe e castigando coa morte calquera pequena mostra de hostilidade. Non obstante, a circunstancia do illamento debeu de pesar moito no seu ánimo.

O 9 de marzo, quizais coincidindo coas primeiras operacións do cerco, ditaba un bando dirixido aos "honestos e pacíficos habitantes de Vigo e arredores", no que se aseguraba que as tropas francesas de gornición respectarían as persoas e as propiedades dos veciños, moi na liña dos principios liberais-burgueses da Revolución Francesa, manifestando tamén que "a boa harmonía, a unión e o entendemento deben reinar entre franceses e españois" e polo mesmo os comercios e os negocios debían manter a súa actividade.

O día 25 recibirá a primeira queixa do astuto alcalde Vázquez Varela sobre a falta de abastos e o perigo de epidemias; a isto resposta enérxico que sempre dera proba de confianza, de dozura e de moderación e só recibía ameazas en troques e que tiña que ser enérxico porque a súa primeira obriga era a saúde e subsistencia das tropas cuxo mando lle fora confiado.

En tan crítica situación deu orde de desarmar á Milicia Honrada. O laio municipal repetírase o 26, uníndoselle denuncias de saqueo incontrolado; ante o que permitirá a apertura das portas e a saída de xentes para conseguir víveres sempre que non levasen armas nin avisos aos de fóra; o certo era que as súas patrullas había moito tempo que estaban impedidas de facelo por mor dos ataques dos cercadores.

En fin, Chalot, despois de tentar retrasar a rendición, seguramente á espera de reforzos de Tui, e evitando un inútil derramamento de sangue, renderá a praza e as súas tropas o 28 de marzo, segundo as condicións asinadas o día anterior.

Por convicción ou por necesidade, en todo caso Chalot foi todo un cabaleiro francés.

## VIGO DOUS SÉCULOS DESPOIS

### PEGADAS DA RECONQUISTA

#### RÚAS, PRAZAS E MONUMENTOS e ano da súa inauguración

<b>R. da VICTORIA</b> Marzo de 1814	<b>Pr. de INDEPENDENCIA</b>
<b>Pr. de JUAN DE VILLAVIGENIO</b> (antes pr. da Pedra) Marzo de 1814	<b>Monumento aos HÉROES DA RECONQUISTA</b> (Pr. da Independencia) Marzo de 1947
<b>Pr. de ALMEIDA</b> (antes pr. Vella) Marzo de 1894	<b>R. de VÁZQUEZ VARELA</b> Marzo de 1909
<b>FONTE-MONUMENTO</b> (Pr. da Princesa) 1909	<b>R. de CAYETANO PÉREZ DE LIMIA</b> (BOUZAS)
<b>R. de PABLO MORILLO</b> Marzo de 1880	<b>CEMITERIO DE PEREIRO</b> Zona 6 - Clase Profesional
<b>R. da RECONQUISTA</b> Maio de 1882	<b>CINZAS DE CACHAMUÍÑA</b>
<b>R. de CACHAMUÍÑA</b> Marzo de 1916	

#### MONUMENTO ÓS HEROES DA RECONQUISTA. UNHA LONGA PEREGRINAXE

Este monumento é o que, de xeito máis patente, lembra na cidade de Vigo ós heroes da Reconquista. Carolo, na base, coa súa lendaria machada; Cachamuíña, no alto, de uniforme coa bandeira; acompañados unicamente, na gran torre, símbolo de Vigo, que lles serve de pedestal, por unha figura feminina alegórica con distintos símbolos militares: estandartes, canon, tambor, etc... Este monumento ázase actualmente na Praza da Independencia a poucos metros do centro neuráxico da Praza de América.

Como data de construción do conxunto registramos o 27 de marzo de 1947; pero a súa historia, que comeza moito antes, lévaa a percorrer distintos asentamentos. En 1909, con motivo do primeiro centenario, a cidade encargallo o monumento ó escultor González-Pola de xeito que, en 1915, pode pórse a primeira pedra na praza de Villavigencio (actual praza da Pedra) preto da colexiata. Pero o escultor falece e debe contratarse a un segundo escultor: o sr. Aduara. Os cartos serán sempre moi escasos e a consabida subscripción popular pro monumento non deu os resultados esperados.

Así, con todo, finalmente, consegue sacarse adiante o conxunto que chega a inaugurarse, con moita afluencia de público, en 1947, pero nun sitio distinto ó inicialmente projectado: na actual praza de España. Na década dos sesenta a urbanización da Avenida das Camélias abre a praza chamada de Zamora. Alí se despraza a estatua trocando o nome da praza entón polo de Independencia de xeito que na de España poñerase no seu lugar a fonte luminosa doada a cidade polo seu ilustre fillo Cesáreo González.

A derradeira afectación do conxunto producírase nos anos 90 cando toda a praza peatonalizase e desmontáse o monumento para volver finalmente a montalo.

Case dous séculos despois, aínda quedan en Vigo rúas e monumentos que lembran o acontecido durante o período da Reconquista da vila.

Para poder observalo mellor temos unha ampliación dun mapa do Vigo actual onde podemos ver rúas como a de Cachamuíña, a rúa Vitoria, que ten unha placa conmemorativa do primeiro aniversario, a rúa Gamboa, onde estaba a antiga porta da Gamboa, a Porta do Sol, a Praza da Princesa coa estatua que conmemora a Reconquista, a rúa Vázquez Varela dedicada ao alcalde da vila, a Praza da Independencia co monumento á Reconquista de Vigo onde aparecen figuras como Cachamuíña ou o mítico "Carolo", os restos do castelo de San Sebastián detrás do actual concello, o castelo do Castro, os lugares onde se situaban as antigas portas: Falperra, Berbés, etc. Aínda quedan repartidas pola cidade rúas e lugares que lembran os feitos aquí acontecidos no ano 1809. Non deberíamos esquecer unha visita ao Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", onde temos expostas as bandeiras da Reconquista e o sable do Mariscal Soult.

Todas as primaveras, dende hai anos, o barrio histórico da cidade de Vigo conmemora a Festa da Reconquista. A celebración comezou no ano 1997 e nela representáanse os feitos da Reconquista dramatizados cunha representación teatral. Os veciños e veciñas, ataviados coa vestimenta da época, celebran feira, bailes tradicionais, etc.



## BIBLIOGRAFÍA

---

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ- La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo. Vigo, Ed. Monterrey, 1960.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M.- "Vigo en el siglo XIX. De la antigua villa a la ciudad Moderna". En, Vigo en su historia. Vigo, C.A.V., 1980, pp. 357-455.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. "Historia contemporánea, política, (siglo XIX)". En, Galicia. Historia. A Coruña, Hércules de Ediciones, 1991, pp. 54-137

COBO RODRÍGUEZ, FÁTIMA.- "Un sable atribuido al mariscal Sout en el Museo Municipal "Quiñones de León"". En, Revista de Castrelos nº 11. pp: 277-284. 1998.

ESPINOSA RODRÍGUEZ - Tierra de Fragoso (Notas para la historia de Vigo y su comarca). Vigo, Imp. Faro de Vigo, 1949.

ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, E.- El coronel "Cachamuíña" Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2002.

ESTRADA CATOYRA - Reseña de la Reconquista de Vigo. Vigo, Grafinsa, 1978. Ed. Patrocinada polo Banco Industrial de Bilbao.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M.- "Poder local y transformaciones políticas en Vigo y su comarca: de la invasión francesa a la reacción absolutista (1809-1814)". En, Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais, 6. Pontevedra, Deputación Provincial, 1990, pp. 117-134.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M.- Evocación urbana del Vigo de la ocupación francesa (Ensayo histórico). Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2000. Serie Conferencias VII.

GONZÁLEZ LÓPEZ, E.- El buho gallego y el águila gala. La insurrección gallega contra los franceses. Bos Aires. Ed. Galicia. 1975.

MACÍAS Y GARCÍA, M- La reconquista de Vigo. Vigo. Imp. De Lema. 1891.

PARDO DE ANDRADE, M.- Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña: 1809-1810. A Coruña, Fund."Pedro Barrié de la Maza", 1996, 2 t.

PARDO DE ANDRADE, M.-Los guerrilleros gallegos de 1809. A Coruña. Biblioteca Gallega. 1892.

RODRÍGUEZ ELÍAS, A.- La Reconquista de Vigo en 1809. Juicio crítico histórico. Vigo. Ed. P.P.K.O.. 1916

RODRÍGUEZ LEGÍSIMA - Héroes y mártires gallegos. Los francismos de Galicia en la Guerra de la Independencia. Santiago. Imp. El Eco Franciscano. 1912.

RODRÍGUEZ PAZ., M.- Santa María de Vigo. "Iglesia-madre de la ciudad". Vigo, Cofradía del Cristo de la Vitoria, 2000.

SANTIAGO Y GÓMEZ, J.- Historia de Vigo y su comarca. Madrid. , Imp. Asilo de Huérfanos, 1896; 2ª Ed. 1911.

TABOADA Y LEAL, N.- Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores. Santiago. Vda. e Hijos de Compañel, 1840.

TABOADA Y FERNÁNDEZ, N.- Los héroes de la reconquista de Vigo. Vigo. 1891.

VÁZQUEZ GIL, L. e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M.- Os alcaldes e os Concellos de Vigo. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 1991 (ed. Cardeñoso, 1993).

- VÁZQUEZ GIL, L.- *As rúas de Vigo. Orixe - Historia - Nome*. Vigo, Concello de Vigo, 1990.
- VÁZQUEZ GIL, L.- *Vigo. Honras, títulos e símbolos*. Vigo, 1986.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A.- *El abad de Valladares D. Juan Rosendo Arias Enríquez*. Orense. 1956.
- VÁZQUEZ XIL, L.- *Historia dos monumentos de Vigo*. Vigo, Concellería de Cultura, 1998.
- VV. AA. - *El Vigo de la Reconquista*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 1999. Serie Conferencias, VI.
- YÁÑEZ RODRÍGUEZ, J. e LÓPEZ, BM.- *Análisis histórico de la reconquista de Vigo*. Manuscrito datado en 1853 e editado polo Concello de Vigo en 1959 (Imp. Faro de Vigo) e 1976 (Imp. Olimpia).